



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/001450

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (APROBACIÓN DAS BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE POSTOS NO MERCADO MODERNISTA 2023, A CELEBRAR DENTRO DO MARCO DA XII FEIRA MODERNISTA, OS DÍAS 28, 29 E 30 DE XULLO (Concellería de Cultura)

ANTECEDENTES

1. Expediente de tramitación da convocatoria, núm. 2023/X999/000526 onde consta a proposta do Concelleiro de Cultura para convocar unha nova edición do Mercado Modernista, dentro da programación da Feira Modernista de Sada, así como a providencia de alcaldía para impulsar a tramitación.
2. Memoria xustificativa da convocatoria asinada polo Concelleiro de Cultura.
3. Bases reguladoras da participación no Mercado Modernista da XII Feira Modernista de Sada.
4. Informe da Intervención Municipal no que se conclúe que a participación no Mercado Modernista está incluída dentro dos supostos non suxeitos á aplicación de taxas, previstos na ordenanza municipal núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

RESOLVO:

Primeiro.- aprobar a convocatoria e Bases reguladoras da participación no Mercado Modernista que organiza a Concellería de Cultura dentro do programa de actividades da XII Feira Modernista de Sada.

Segundo.- instruír as solicitudes que se reciban e tramitar a aprobación do listado de solicitudes correctas e que cumpran os requisitos recollidos nas bases reguladoras.

Terceiro.- que os postos que finalmente participen no Mercado Mariñeiro non estarán suxeitos a pago de taxas, en virtude do artigo 2.2.a) da ordenanza fiscal núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Cuarto.- publicar as bases reguladoras na páxina web municipal, co texto que segue:

BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE POSTOS NO MERCADO MODERNISTA 2023, A CELEBRAR DENTRO DO MARCO DA XII FEIRA MODERNISTA, OS DÍAS

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

28, 29 E 30 DE XULLO

1.OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento, criterios de valoración e condicións para o outorgamento de autorizacións para ocupar en espazo público os postos para exercer a venda ambulante dentro do mercado da XII Feira Modernista de Sada.

A Concellería de Cultura pretende con esta convocatoria ofertar publicamente 20 postos no mercado, para reforzar a oferta de contidos culturais e de lecer que se inclúen no programa da XII Feira Modernista, a celebrar os vindeiros 28, 29 e 30 de xullo.

Deste xeito, o Concello de Sada exerce as súas competencias no eido da promoción cultural e da ocupación do tempo libre e, de forma sinérxica, as de organización de feiras, mercados e comercio ambulante, recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Serán admitidas as solicitudes de persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade de obrar no ámbito da venda ambulante, que se comprometan a ambientar e decorar os seus postos con elementos que permitan evocar os principios estéticos do movemento artístico modernista, ou ben a recrear a época e costumes sociais contemporáneas ao mesmo.

As persoas que realicen a venda ao público nos postos que sexan autorizados deberán caracterizarse e empregar unha vestimenta que axude a recrear e evocar a época e os principios estéticos do movemento modernista.

As persoas/empresas autorizadas deberán respectar integramente o horario establecido para a celebración da XII Feira Modernista:

- Venres 28 de xullo: montaxe dende as 12:00 h. Horario de apertura de 17:00 a 23:00 h.
- Sábado 29 de xullo: apertura de 12:00 a 23:00 h.
- Domingo 30 de xullo: apertura de 12:00 a 22:00 h. Desmontaxe a partir das 22:00 h.

As persoas seleccionadas poderán acceder cos seus vehículos ata á zona da feira para labores de descarga de material e montaxe no horario prefixado pola organización que será o venres 28 de 12:00 ás 16:00 horas. Os vehículos deberán ser retirados unha vez feita a descarga de material.

2.NORMATIVA APLICABLE

- a. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- b. Lei 38/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública
- c. Ordenanza municipal núm. 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, case-tas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica (BOP núm. 183 do 09.08.2008)
- d. Ordenanza municipal non fiscal reguladora da venda ambulante (BOP núm. 329 do 18.10.2002)

3. ACCIÓN DE FOMENTO: EXENCIÓN DE TAXAS

En base ao establecido no artigo 2.2.a) da Ordenanza Municipal núm. 16 e en virtude da xustificación motivada presentada pola Concellería de Cultura, as persoas físicas ou xurídicas que obteñan a autorización estarán exentas do pago de taxas.

4. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán presentar solicitude de participación as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o desenvolvemento da actividade de venda de produtos artesanais ou de venda polo miúdo. Para acreditarlo deberán estar dados da alta no IAE (modelo 036) en calquera dos epígrafes que lle permita a venda de produtos artesanais ou o comercio minorista e cumprir cos requisitos legais para realizar a súa actividade.

As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos esixidos na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante e, ademais, pasarán un proceso de selección e filtro baseado nos criterios descritos no punto 8 destas bases.

5. COMO SOLICITAR POSTO?

As solicitudes poderán presentarse por medios electrónicos a través do formulario de solicitude xeral que se atopará na sede electrónica municipal (sede.sada.gal), anexando tanto o modelo de inscrición específico do Mercado Modernista (ANEXO I) como a documentación requirida na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, que se detalla na base 6ª.

Consonte o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, *as persoas físicas poderán escoller en todo momento si se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non*. Pola contra, deberán empregar a presentación por medios electrónicos, de xeito obrigado, as persoas incluídas no punto 2 do artigo 14 da dita lei 39/2015.

Para a presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Sada.

Por razón da proximidade das datas de celebración do Mercado Modernista, establécese un prazo de presentación de solicitudes de **5 días naturais**. O prazo abrirase a partir do día seguinte ao da publicación destas bases na web municipal (www.sada.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.sada.gal), onde tamén se publicará a lista de persoas admitidas e excluídas no día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de que algunha solicitude non estivese completa, correctamente cuberta, faltase información necesaria ou estivese incompleta a documentación que debe acompañar a solicitude, establécese un prazo extraordinario de emenda, de **2 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da notificación do requirimento.

No caso de non responder ao requirimento de emenda entenderase que a entidade desiste da súa solicitude segundo o art. 68 da Lei 39/2015.

6. QUE DOCUMENTACIÓN HAI QUE PRESENTAR?

A solicitude de participación acompañarase da seguinte documentación:

- a. Modelo de solicitude (ANEXO I)
- b. Copia do NIF da persoa interesada
- c. No caso das persoas xurídicas acompañarase da acta de constitución ou dos estatutos, así como do DNI da persoa que actúe na súa representación
- d. Copia do IAE (modelo 036)
- e. Alta na SS e último recibo de autónomos
- f. No seu caso, carné de manipulador de alimentos
- g. Póliza e último recibo do seguro de responsabilidade civil (ou ben certificado de vixencia da póliza emitido pola entidade aseguradora)
- h. No seu caso, carta de artesán ou marca de artesanía
- i. Fotografías dos produtos que se ofertarán á venda no Mercado Modernista.

7. CAL É O PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN?

Estas axudas seguirán un procedemento de concorrencia competitiva. As solicitudes recibidas que cumpran os requisitos serán valoradas conforme os criterios descritos na base 8ª, para establecer unha orde de prelación que se empregará para outorgar as autorizacións ata esgotar o número de postos dispoñibles. No caso de que se reciban menos solicitudes que postos dispoñibles, non será necesario aplicar os criterios de valoración.

O procedemento respectará os seguintes principios:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- a. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade de trato e non discriminación
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Para a tramitación desta convocatoria o Concello de Sada poderá consultar automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas, agás que as persoas interesadas se opoñan á consulta:

- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da entidade solicitante
- Certificado de estar ao corrente nos pagamentos coa AEAT (Hacienda), coa Seguridade Social e coa facenda municipal
- No caso de que as entidades ou persoas solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo sinalando no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude.
- **O certificado de estar ao corrente nos pagamentos coa Facenda Galega deberán ser aportados polas persoas solicitantes.*

O departamento de Cultura serán os encargados de instruír os expedientes, comprobando que se cumpran os requisitos esixidos, requirindo as emendas en caso necesario (base 5ª).

As solicitudes correctas pasarán unha avaliación comparativa, conforme aos criterios que se describen no punto seguinte (salvo que as solicitudes recibidas non superen o número de postos dispoñible).

O resultado da valoración deberá ser motivado convenientemente. Con esta valoración, o departamento de cultura formulará a proposta de resolución, recollendo a listaxe de solicitudes que se propoñen para autorización, así como as posibles solicitudes denegadas.

Finalmente, a Alcaldía emitirá a resolución de autorización e denegación de solicitudes e notificará ás persoas interesadas.

8. QUE CRITERIOS DE AVALIACIÓN SE APLICARÁN?

O procedemento de concorrencia competitiva aplicarase de xeito que a comisión de avaliación ordenará as solicitudes recibidas por orde de prelación, segundo a puntuación que reciban despois da aplicación dos criterios de avaliación establecidos para esta convocatoria de axudas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

A selección entre as solicitudes recibidas ven motivada pola necesidade de cumprir cos obxectivos de ambientar, evocar unha época, recrear uns principios artísticos e aportar interese estético. Adoptaranse os seguintes criterios para establecer unha relación de idoneidade entre as solicitudes recibidas, e repartir así os espazos dispoñibles:

- a. Recupera oficios tradicionais contemporáneos á época que queremos recrear (**10 puntos**).
- b. Pon en valor aspectos da nosa memoria histórica ou do patrimonio histórico-artístico (relacionados directamente con Sada e aspectos da memoria histórica local **10 puntos**; non relacionados con Sada **8 puntos**).
- c. Posúe carta de artesán (**7 puntos**).
- d. Pon á venda obxectos que son solidarios cos principios artísticos que definen ao Modernismo (**7 puntos**).
- e. Oferta un produto con características de orixinalidade artística/estética ou de utilidade que, si ben poden non considerarse modernistas, entroncan co seu espírito de ruptura coas normas estéticas establecidas e coa liberdade creativa (**5 puntos**).
- f. Oferta un produto que podería ser compatible cun mercado de época e aportará decoración e ambientación de temática modernista (**5 puntos**).

9. RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o procedemento de instrución das solicitudes recibidas, a Concellería de Cultura proporá a relación de solicitudes correctas ordenadas de maior a menor puntuación. En base a esta proposta, a Alcaldía resolverá autorizando ou denegando de xeito motivado ás persoas solicitantes pola orde de prelación proposta e notificarase a resolución ás persoas interesadas.

No caso de que algunha das 20 primeiras beneficiarias desistise da súa solicitude, notificarase á seguinte persoa segundo a orde de prelación, ata completar a autorización para a ocupación dos postos.

A resolución definitiva porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a. Recurso potestativo de reposición contra o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución definitiva.
- b. Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución definitiva. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a súa resolución, expresa ou por silencio administrativo.

10. NOTIFICACIÓNS

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no caso das solicitudes realizadas por medios electrónicos as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, «notifica.gal».

Para os restantes casos e de xeito xeral, a resolución publicarase na páxina web municipal (www.sada.gal) e no taboleiro da sede electrónica (sede.sada.gal), servindo esta publicación aos efectos de notificación ás persoas interesadas.

11. OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

A presentación da solicitude de participación constitúe un compromiso irrevogable por parte das persoas solicitantes de aceptar e acatar as normas específicas do Mercado Modernista de Sada 2023, establecidas nas presentes bases, así como, as disposicións concretas que para o bo desenvolvemento da Feira fosen establecidas pola organización.

12. PROTECCIÓN DE DATO

Para participar neste concurso é necesario presentar unha folla de inscrición con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización da convocatoria. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da tramitación da convocatoria ata a súa finalización.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

Sada, na data da sinatura dixital

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández

ANEXO I

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN MERCADO XII FEIRA MODERNISTA DE SADA

NOME:

NIF:

DIRECCIÓN POSTAL:

CP:

POBOACIÓN:

TLF.:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

DATOS DO REPRESENTANTE: NOME E DNI:

TIPOLOXÍA DO POSTO (Indicar que tipo de produto/artigo vai vender):

(engadir fotografías para facilitar o proceso de selección en base aos criterios puntuables do artigo 8 das bases de participación)

SOLICITA:

Participar no mercado da XII Feira Modernista do Concello de Sada 2023 que terá lugar os vindeiros 28, 29 e 30 de xullo de 2023.

A persoa solicitante manifesta coñecer as Bases de participación no mercado da Feira Modernista do Concello de Sada 2023 e declara o seu compromiso de observalas, así como de cumprir a normativa a que debe axustarse a súa

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

actividade.

Asdo.:

En Sada a ____ de _____ de 2023

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).